



Reunión do Comité de empresa coa Xunta de Galicia

O pasado mércores 5 de abril, o comité de empresa de Navantia Ferrol e delegados das empresas colaboradoras mantivemos unha reunión con Francisco Conde (Conselleiro de Industria), Fernando Guldrís (Director do IGAPE) e Martina Aneiros (Delegada territorial da Xunta en Ferrol).

Para as CCOO, esta reunión era especialmente importante, xa que a Xunta de Galicia ten capacidade para impulsar a construción dun dique seco para o departamento de reparacións, e ten plenas competencias para financiar a formación de futuros profesionais en Ferrolterra.

En torno á construción do dique, o conselleiro nos interpela si asumiríamos que dita infraestrutura tivera unha financiación público-privada. A consellería de industria vese capaz de vertebrar esa construción a través dese tipo de financiación pero precisa o apoio dos axentes sociais. Para as CCOO de Navantia Ferrol é un avance significativo para a consecución de tan necesitada obra, na propia reunión transmitimos a nosa disposición a profundar en dita proposta, sobre todo tralo compromiso do propio conselleiro de que este tipo de financiamento non suporía en ningún caso unha vía de entrada de capital privado na compañía ou a privatización do propio dique.

En canto a formación, a nosa organización transmitía a dificultade que están encontrando as empresas colaboradoras para atopar profesionais do sector naval. Coincidimos tanto axentes sociais como a propia administración autonómica en que Navantia debería de comprometerse coa formación de profesionais como fai noutras zonas xeográficas. En torno a este tema, o conselleiro comprometeuse a que o aspecto económico non será un problema para a futura formación de profesionais en Ferrolterra.

A consellería de industria se compromete coa parte económica e Navantia nos transmite que haberá boas noticias en canto a carga de traballo no futuro inmediato. Para as CCOO é urxente que Navantia como nexo xunte as administracións locais e autonómica, os empresarios e as organizacións sindicais, e se defina como formamos os centos de traballadores e traballadoras que precisa o naval nos próximos anos. Non facelo, co exercito de persoas desempregadas que hai na comarca e coas dificultades que xa a día de hoxe estanse atopando as empresas para encontrar profesionais é unha enorme irresponsabilidade.

Como último tema, abordamos a arma de dobre fío que está utilizando o goberno central para non acometela obra do dique cuberto de construción que estaba comprometido fai xa 5 anos.

Por un lado supedita a construción de dito dique a futuras contratacións que xustifiquen a súa financiación (algo que para as CCOO non ten ningún sentido si precisamente esa infraestrutura é a que debería de darnos vantaxe fronte os nosos competidores para conseguir eses contratos), e polo outro lado deslocaliza obras de buques militares de medio e gran porte que durante décadas asumíronse como traballos propios do centro de Ferrol.

Nas próximas semanas coñeceremos se o goberno central e Navantia compren con Ferrolterra en canto a carga de traballo e investimentos. Ás CCOO parécenos un completo sen sentido a falta de compromiso coa comarca. Ferrol, un lugar clave para a construción naval, leva 4 anos agardando por un dique cuberto. Para colmo tivemos que soportar retraso tras retraso coa fábrica de bloques ata o día de hoxe, mentres en outros centros, xa comezaron as obras de modernización. É unha falta de respecto para toda a comarca ese abandono reiterado nos últimos anos cunha cuestión transcendental da que dependen milleiros de familias.